

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra dictou a seguinte RESOLUCION:

ASISTENTES

PRESIDENTE

D. José Luis Díez Yáñez.
(Delegado Provincial da Consellería de
Agricultura, Gandería e Montes.)

VICEPRESIDENTE

D. José J. Barreiro Prado
(Maxistrado da Audiencia Provincial)

VOCALIS

D. Teodoro Arribas Serrano
(Xefe do Servizo de Montes e Ind.Forestais)
D. Luis Mº Muíños Vidueira
(Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta)
D. Serafin Quinteiro Blanco
(Avogado polo colexio da provincia)

VOCALIS REPRESENTANTES DA
PARROQUIA DE FORCADELA TOMIÑO

D. Juan Alvarez Suarez.
D. José Benito Pousa Vicente.

SECRETARIA

Dª. Ramona C. Fernández Alvarez.
(Xefa da Sección Xurídica da
Delegación Provincial de Agricultura,
Gandería e Montes)

Na cidade de Pontevedra sendo as dezasete horas do día 19 de marzo de 1997, coa asistencia das persoas á marxe reseñadas reunese na 4ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a Clasificación dos montes " Pinota", " Mendez", "Parque" e " Ramo". da Parroquia de Forcadela, do Concello de Tomiño.

1.-Por veciños da Parroquia de Forcadela, do Concello de Tomiño, solicitouse a Clasificación polo Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, dunhas parcelas de escasa superficie que primitivamente no ano 1988, habian xa solicitado a súa Clasificación, mais , debido a problemas de deslindes coas parroquias colindantes non chegaron a clasificarse. Na actualidade , non existe dúbida sobre o emprazamento das parcelas e a súa pertenza á Parroquia de Forcadela.

XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS



5 ABR. 1997

Asd: RAMONA CELIA FERNANDEZ ALVAREZ



2.- No expediente para a Clasificación cumpríronse as prescricións establecidas na Lei de Montes Veciñais en Man Común do Parlamento de Galicia 13/89 de 10 de outubro ,e no seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/92 do 4 de setembro , resultando ,que as parcelas, tal e como se describen non figuran inscritas no Rexistro da Propiedade, persoándose no trámite de alegacións o Concello de Tomiño, expresando a súa oposición na que se limita a facer unha serie de consideracións sobre o seu aproveitamento, sen aportar documentación ou proba algunha que permita valorar as parcelas solicitadas como de propiedade municipal ,si ben se recoñece que na súa pequena superficie na actualidade otorgaaselle un uso público aínda que non como Monte Veciñal.

3.- As parcelas obxecto do expediente obedecen a seguintes descripción:

PRIMEIRA PARCELA: " Monte Pinota",

CABIDA: 0,1 Has

LINDES

NORTE: Propiedades particulares

SUR: Camiños

LESTE: Camiños

OESTE: Propiedades particulares.

SEGUNDA PARCELA: " Monte Mendez".

CABIDA: 0,0967 Has.

LINDES

NORTE: Camiño

SUR: Propiedades particulares

LESTE: Propiedades particulares.

OESTE: Propiedades particulares.

TERCEIRA PARCELA: " Monte do Parque"

CABIDA:0,1229 Has

LINDES

NORTE: Propiedades particulares.

SUR: Propiedades particulares.

LESTE: Camiño.

OESTE: Propiedades particulares.

CUARTA PARCELA: "Ramo"

CABIDA: 1,1 has.

LINDES

Norte: Camiño

Sur: Propiedades particulares

XURADO PROV DE MONTES VECIÑAIS
EN MAN COMUN

COTEJADO E COPIADO CO ORIGINAL
Data 15 ABR 1997



Asd. RAMONA CRUZ MARTINEZ ALVAREZ

LESTE: Propiedades particulares.

OESTE: Propiedades particulares.

4.- Desprazado o Relator á Parroquia de Forcadela e, verificado o exame das catro parcelas das que se pretende a súa Clasificación, duas non ofrecen dúbida algunha da súa estimación como Veciñais en Man Común estas son o " Monte Pinota" na que existe un parque infantil feito polos veciños así como unhas boas instalacións das que o seu disfrute veciñal non pode ser cuestionado , a outra correspóndese coa nomeada " Monte Ramo", que é a que presenta unha maior superficie e que tampouco ofrece dificultades para a súa Clasificación como Veciñal en Man Común, con unha superficie de 1.1 Has , a maior das catro , e que ven sendo aproveitada polos veciños para os esquilmes e outros produtos do monte presentándose a vista , limpa e sen maleza ,ademais de repoblada de Pino Pinaster de 10 a 20 anos.

5.- Polo que respecta os dous montes restantes nomeados " Monte Mendez " e Monte do Parque" , o primeiro deles ,cunha superficie de 967 m² e o segundo 1.229 m² , encontráanse ambos dous sen aproveitamento algun e cheos de maleza e matorral con algun arborado de rexeneración natural .Segundo os veciños, a situación na que se atopa é consecuencia da oposición que mostra o Concello impidíndolles o aproveitamento e a súa limpeza , sendo o motivo de que non poidan ser poseídos polos veciños . Criterio asemesmo que coincide cos informes obrante no expediente, emitidos no seu día polo Servicio Forestal da Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

Por todo o anterior os membros do Xurado Provincial ,

ACORDAN por maioría co voto en contra do vocal D. Teodoro Arribas Serrano ,por entender que a súa superficie non goza da natureza de monte, a clasificación como Montes Veciñais en Man Común dos seguintes

"Monte Pinota" e " Monte Ramo" coa descripción gráfica simulada na planimetría que a escala 1/10.000 incorporase a presente Resolución formando parte inseparable da mesma e que se corresponde coa seguinte descripción:

PRIMEIRA PARCELA: Monte Pinota

CABIDA: 0,1 Has.

LINDES

NORTE: Propiedades particulares.

SUR: Camiños

LESTE: Camiños.

OESTE: propiedades particulares.

SEGUNDA PARCELA: Monte Ramo

CABIDA: 1,1 Has

LINDES

NORTE: Camiño.

SUR: Propiedades particulares



XURADO PROV DE MONTES VECIÑAIS
EN MAN COMÚN
COTEXADO DE ORIGINAL
De: *[Signature]*
A: *[Signature]*

Asd. RAMONA OFIÑA FERNANDEZ ALVAREZ

LESTE: Propiedades particulares.
OESTE: Propiedades particulares.

Por outra parte, os membros do Xurado Provincial de maneira unanime
ACORDAN:

Rexeitar a Clasificación como Montes Veciñais en Man Común dos nomeados "Monte do Parque" e "Monte Mendez", ó advertir que a súa pequena superficie así como as dificultades reais existentes para o seu aproveitamento provocan que nos mesmos non se houbera producido aproveitamento e uso veciñal, determinando asemesmo que non poidan merecer o carácter de Veciñais en Man Común.

Contra a presente Resolución poderá interpoñerse Recurso Contencioso-Administrativo no prazo de DOUS MESES, dende a notificación da mesma ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 58 da Lei Reguladora da antedita xurisdicción en relación co artigo 12 da Lei 13/89 do Parlamento de Galicia de 10 de outubro de Montes Veciñais en Man Común, e o artigo 28 do seu Regulamento aprobado por Decreto 260/92 de 4 de setembro, modificados ambos preceptos pola Lei 30/92 de 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.




XURADO PROV. DE MONTES VECIÑAIS
EN PONTEVEDRA



COEXAMINADO EN SALA CONTENCIOSA
Dir. 15 ABR 1997

Asd. RAMÓN C. FERNÁNDEZ ALVAREZ



MONTES CUYA CLASIFICACION SOLICITA
LA JUNTA RECTORA DE MONTES EN
MANO COMUN DE FORCADELA (TOMIÑO)

ESCALA 1:10.000

PONTEVEDRA 19 DE MARZO DE 1997

Fdo: Ana Jorres Gila

